

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

8084 *Orde FOM/1403/2013, do 19 de xullo, sobre servizos de transporte ferroviario de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística.*

De acordo co disposto no punto 3 da disposición transitoria terceira da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, engadido polo Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, a partir do 31 de xullo de 2013 prestarase en réxime de libre competencia o servizo de transporte de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística.

A propia disposición establece que mediante orde do ministro de Fomento se regularán as condicións en que deberán prestarse estes servizos.

Esta orde determina, xa que logo, as ditas condicións, especifica os servizos principais que deberán prestarse ademais do complemento do transporte e, pola súa vez, establece os requisitos de coordinación necesarios para acomodar a prestación dos servizos turísticos con outros para os cales se exige un título habilitante ou unha autorización específica, evitando unha competencia desigual entre eles nos tráficoos que sexan coincidentes.

Por outra banda, convén distinguir as circulacións de vehículos históricos, que dispoñen da súa regulación específica, dos servizos con finalidade prioritariamente turística. Dado o carácter cultural inherente á circulación dos primeiros e dado que a dita solicitude de circulación pode ser formulada exclusivamente polas entidades, oficialmente constituídas e vinculadas ao ferrocarril, inscritas na base de datos que para tal efecto xestiona a Fundación de los Ferrocarriles Españoles, non pode ser considerado en ningún caso como transporte ferroviario, para os efectos establecidos na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e, xa que logo, quedarían así mesmo fóra do ámbito de aplicación desta orde.

No procedemento de elaboración da orde foron oídos o Consello Nacional de Transportes Terrestres e o Comité de Regulación Ferroviaria.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no punto 3 da disposición transitoria terceira da Lei do sector ferroviario e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto regular a prestación dos transportes ferroviarios de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística a que se refire o punto 3 da disposición transitoria terceira da Lei do sector ferroviario. Para estes efectos, determinanse as condicións necesarias para a súa prestación por parte das empresas ferroviarias.

2. Quedan fóra do ámbito de aplicación desta orde as circulacións de trens históricos; considéranse como tales aquelas de locomotoras e trens compostos de material catalogado como histórico, con ou sen viaxeiros, cuxa xustificación esencial e fin último sexa a realización dunha actividade histórico-cultural na cal o propio desprazamento dos citados vehículos é un medio para a correcta conservación e difusión do patrimonio ferroviario. Estas circulacións, dado que o seu obxectivo non é a prestación do servizo de transporte de viaxeiros, axustaranse á súa regulación específica.

Artigo 2. *Libre prestación dos servizos.*

Toda empresa ferroviaria que, de acordo co disposto na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, se encontre habilitada para prestar servizos e obtivese a correspondente asignación da capacidade de infraestrutura poderá prestar, sen

necesidade de autorización ou título habilitante específico de ningunha clase, servizos de transporte de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística.

Artigo 3. Condicións xerais de prestación dos servizos.

Os servizos deberán prestarse, en todo caso, no marco dunha combinación previa, na cal todas as prazas deberán ter sido vendidas ou ofrecidas en venda por unha axencia de viaxes de acordo cun prezo global en que, á parte do servizo de transporte, se inclúan como principais, cando menos, dúas das seguintes prestacións:

- a) Aloxamento durante, cando menos, unha noite.
- b) Manutención alimenticia, sen que se consideren incluídos neste concepto os servizos de restauración a bordo do vehículo, en estacións ou durante a realización de paradas intermedias entre orixe e destino de duración inferior a tres horas.
- c) Outros servizos turísticos non accesorios do transporte ou do aloxamento e que constitúan unha parte significativa da combinación, tales como a asistencia a cursos, conferencias ou eventos deportivos, realización de excursións ou visitas a centros de interese cultural ou turístico, entradas para a asistencia a un espectáculo no lugar de destino, alugamento de vehículos ou servizo de guía turística, a cal exixirá a presenza de, cando menos, unha persoa especializada que realice tal función, e deberá vir xustificada pola realización dunha visita a un lugar ou centro de interese cultural ou turístico.

Artigo 4. Prestación de servizos de carácter periódico.

Cando os transportes con finalidade prioritariamente turística sexan periódicos e coincidan con outros servizos ferroviarios que se presten, ben ao abeiro do establecido na disposición transitoria terceira da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, ou ben dunha autorización ou outro título habilitante, deberán cumprir, simultaneamente, as dúas seguintes condicións:

- a) As características do transporte, en termos de calidade e seguridade, non poderán ser inferiores en ningún caso ás dos servizos coincidentes.
- b) A parte do prezo total da combinación en que se englobe que corresponda ao transporte ferroviario non poderá ser superior ao cincuenta por cento.

Para os efectos deste artigo considéranse coincidentes os servizos que atendan un mesmo tráfico de viaxeiros entre dous núcleos de poboación nos cales efectúen paradas en que tomen e deixen viaxeiros.

Artigo 5. Control do cumprimento das condicións de prestación.

A prestación dos servizos de transporte de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística estará condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos anteriores.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Transporte Terrestre o rexistro dos servizos, así como a inspección da súa prestación.

A anotación rexistral conterá todos aqueles datos que permitan identificar o servizo de que se trate e a combinación en cuxa prestación se engloba.

Cando se solicite a asignación de capacidade de infraestrutura, as empresas ferroviarias deberánlle manifestar expresamente ao administrador da infraestrutura que a capacidade asignada se utilizará para prestar servizos con finalidade prioritariamente turística; o administrador da infraestrutura ferroviaria comunicarlle á Dirección Xeral de Transporte Terrestre as asignacións de capacidade que se efectúen con esta finalidade.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 31 de xullo de 2013.

Madrid, 19 de xullo de 2013.–A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.